

PREGUNTAS CORTAS 2015.

1. Describe brevemente en que consiste o financiamento a través do factoring

É un contrato mediante o que unha empresa vende a totalidade dos dereitos de cobro sobre clientes que posúe (facturas, letras, etc.) a unha empresa especializada chamada factor, que a cambio unha porcentaxe das vendas proporciona á empresa liquidez inmediata antes dos vencimentos.

2. Diferenza entre custos fixos e variables. Pon un exemplo.

Custos fixos: Son aqueles que permanecen constantes ou son independentes do volume de produción. Aínda que non se produza nada, existen custos fixos ou custos estruturais. Exemplo: alugueres, seguros...

Custos variables: Son aqueles que varían directamente co volume de produción. Exemplo: materias primas, combustibles...

3. ¿Que é un oligopolio? Pon un exemplo de mercado oligopolista.

Oligopolio (pode ser de oferta ou de demanda): cando, ao lado da oferta ou a demanda, hai poucos. Xeralmente ofrécese un produto similar por poucos oferentes a moitos demandantes. Exemplo: a telefonía hoxe.

4. Menciona tres principios básicos de organización empresarial relacionados co desenvolvemento horizontal.

División do traballo, especialización, coordinación e agrupación de unidades

5. ¿Que é unha Sociedade Laboral?

Son sociedades de economía social, anónimas ou limitadas nas que a maioría do capita (51% mínimo) está en mans dos traballadores con contrato indefinido da mesma empresa.

6. ¿Que tipos de contrato de traballo se poden distinguir segundo a duración da xornada laboral?

De xornada completa ou de xornada parcial. Será de xornada completa o que dure 8 horas diarias ou 40 horas semanais.

7. Menciona as principais formas de adquisición da tecnoloxía dunha empresa.

Fontes internas: A través da I+D+i, a través dos seus propios medios. **Fontes externas:** Comprando tecnoloxía a outras empresas. **Cooperación:** Clúster, que permiten desenvolver acordos de colaboración entre a empresa e outras empresas e institucións.

8. No marco dos principios básicos de organización da empresa, describe brevemente en que consiste a especialización. Pon un exemplo de especialización.

Xorde da división do traballo e consiste en que a persoa que fai unha tarefa de forma repetitiva vólvese experta na devandita tarefa. Exemplo: persoal que traballa na cadea de montaxe dunha empresa conserveira.

9. Que se entende por cota de mercado? Ilustra a resposta cun exemplo.

É a relación que existe entre as vendas dunha empresa e as vendas globais do sector ao que pertence, expresada en tanto por cento. Permite medir a posición da empresa dentro do sector produtivo no que se enclava.

10. Que se entende por financiamento interno ou autofinanciación da empresa?

Divídese en autofinanciación de enriquecemento (reservas: beneficios non distribuídos) e autofinanciación de mantemento (amortización, que é a retención de beneficios para compensar a perda de valor de que sofren os bens polo uso, o paso do tempo ou a obsolescencia).

11. Menciona tres tipos de procedementos ou vías de resolución dun conflito xurdido entre empresarios e traballadores.

Mediación, conciliación e arbitraje.

12. Que significa que o empresario individual ten responsabilidade ilimitada?

Que en caso de quebra lle tocan no seu patrimonio persoal.

13. Define o concepto de amortización dun ben. Ilustra a túa resposta cun exemplo.

É o recoñecemento contable da depreciación que sufren os bens de inmovilizado material e inmaterial polo paso do tempo, o uso ou a obsolescencia tecnolóxica. Serve para crear un fondo co que adquirir un novo equipo cando acaba a vida útil do mesmo. Exemplo: amortización dunha construción.

14. Explica brevemente a que se refire a teoría da xerarquía das necesidades de Maslow.

As necesidades dos traballadores son cinco, vanse ascendendo xerárquicamente á seguinte necesidade cando a anterior foi satisfeita de forma mínima, aínda que se pode volver atrás se o nivel de satisfacción baixa. As necesidades son: necesidades fisiolóxicas (alimentación, descanso, salario...), necesidades de seguridade (protección fronte ao perigo, ex.: consolidación do posto de traballo), necesidades sociais (pertenza a grupo-integrarse cos seus compañeiros), necesidades de estima (sentirse querido, ex.: respectado) e necesidades de autorrealización (alcanzar metas e ideais- promocionar).

PREGUNTAS CURTAS 2014

1. ¿Cales son os principais trazos que definen o empresario segundo as visións de Knight e Schumpeter?

Empresario-risco de Knight(1921), que define ao empresario como aquela persoa que asume o risco da empresa, investindo o seu diñeiro nunha organización cuxos resultados non están plenamente asegurados.

Empresario-innovador de Schumpeter(1942). Que entende que é o axente que innova de forma continuada. É de suma importancia na actualidade, xa que explica a capacidade da empresa para adaptarse ás novas realidades e cambios da súa contorna.

2. ¿Que se entende por efecto externo negativo dunha actividade produtiva? Pon un exemplo.

As **externalidades o costes externos**, que son los efectos positivos o negativos que afectan al bienestar de otros que no necesariamente participan en la empresa, sin pagar ni recibir compensación por ello. Exemplo de externalidade negativa: contaminación.

3. ¿En que consiste o método ABC e para que se utiliza?

Tras a experiencia nos almacéns constátanse que os inventarios segundo o seu valor e o seu número pódense dividir xeralmente en tres grandes grupos: GRUPO A (escasos e de valor elevado), GRUPO B (en número e valor intermedio) e GRUPO C(numerosos e en conxunto de escaso valor), este método establece que se debe controlar de forma continua o GRUPO A, e que require menor atención o B e evidentemente, menos o C.

4. Enumera as fases do ciclo de vida dun produto.

Introdución-lanzamento, crecemento, madurez e declive-saturación.

5. Cales son as principais áreas funcionais ou de actividade dunha empresa?

De compras, produción, de vendas, financeira, RRHH, directiva e I+D+i

6. No ámbito das técnicas de produción, explica brevemente a diferenza entre produción artesanal e en serie. Pon un exemplo.

O proceso produtivo artesanal está caracterizado porque os produtos son elaborados a man "un por un" de principio a fin. Exemplo: produción gremial.

Na produción en masa os obxectos son elaborados por medio de máquinas, prodúcense en gran número e de maneira sistematizada e automatizada. Exemplo: produción posterior a revolución industrial.

7. ¿Que se entende por prazo de recuperación ou pay back? ¿Para que se utiliza? ¿Cal é o seu principal inconveniente?

Criterio estático que non ten en conta a inflación e o risco de falta de pagamento que consiste en medir o tempo que tarda unha empresa en recuperar o desembolso inicial. Elixirase entre varios proxectos o que teña menor prazo de recuperación. Utilízase para elixir inversión en situación de risco. O seu inconveniente é que non ten en conta a inflación e os fluxos posteriores.

8. Explica brevemente a diferenza entre rendibilidade financeira e rendibilidade económica.

A rendibilidade económica relaciona en porcentaxe o resultado de explotación (BAIT) co investimento total feito na empresa (Activo total). Indica o Beneficio Antes de Intereses e (T)Impostos por cada 100 euros investidos na empresa, independentes de que sexan propios ou alleos.

A rendibilidade financeira relaciona en porcentaxe o resultado do exercicio (BN) cos recursos propios (RP). Mostra o beneficio despois de intereses e impostos por cada 100 euros investidos polos socios.

9. ¿Que se entende por sociedade de responsabilidade limitada?

É unha sociedade capitalista, cun capital dividido en participacións, onde os donos chámanse partícipes. O capital mínimo, que debe estar totalmente desembolsado, é de 3005€. O número mínimo de socios será 1. A responsabilidade dos socios é limitada. A razón social ou nome pode ser calqueira palabra coa expresión sociedade de responsabilidade limitada, SL ou SRL.

10. ¿Que se entende por custo de ruptura dos inventarios?

Custo de oportunidade de poder perder a un cliente por non ter os stocks necesarios. Non o calculamos.

13. Enumera tres das forzas competitivas de Porter.

Grao de rivalidade entre os competidores actuais, ameaza de entrada de competidores potenciais., ameaza de produtos substitutivos, poder negociador dos provedores e poder negociador dos clientes

14. Explica brevemente as características máis destacadas da etapa de madurez dentro do ciclo de vida dun produto.

As vendas se estancan. Crece a competencia. Custos estabilízanse. Beneficios estabilízanse.

15. ¿Que se entende por suxeito pasivo dun imposto? Ilustra a resposta cun exemplo.

Persoa obrigada polo tributo a liquidalo. Exemplo: no imposto de sociedades é a empresa que ingresa e gasta, que ademais é o contribuinte porque tamén o paga. No IVE, son as empresas, o contribuinte é o cliente final.

16. Que tipo de información recolle o libro diario?

Rexistra as operacións día a día (ou como máximo de períodos non superiores ao mes)

17. Explica brevemente en que consiste a planificación estratéxica.

É o proceso racional de toma de decisións, que inclúe a determinación dos obxectivos e selección de accións que debe seguir a organización para alcanzalos expresados en termos máis xerais.

PREGUNTAS CURTAS 2013

1. Que significa que as cooperativas carecen de finalidade lucrativa?

Son sociedades de economía social, con capital variable, que permite a libre adhesión e baixa voluntaria dos cooperativistas, sen obxectivo de gañar cartos para ela, xa que os beneficios non son para a sociedade, senón para os cooperativistas.

2. Menciona dous métodos de obtención de información para a investigación de mercados.

Dentro dos métodos cualitativos: Entrevista en profundidade e entrevista ou reunión en grupo

Dentro dos métodos cuantitativos: Encuesta e panel de distribuídos

3. Explica brevemente a influencia do poder de negociación dos clientes como forza competitiva que actúa no sector en que compite unha empresa.

Consiste en que si hai poucos clientes, estes terán poder de influir no prezo, negociando a que este baixe. Un exemplo sería o caso de Citroën cos seus fornecedores do clúster de Vigo.

4. Describe brevemente que se entende por unha estrutura de organización funcional.

A súa característica fundamental é que as decisións as toman expertos que teñen autoridade e responsabilidade.

Vantaxe: cada subordinado recibe ordenes dun experto, especialista na súa área.

Inconveniente: rompe a unidade de mando, de forma que un traballador pode recibir ordes contraditorias.

5. Explica brevemente en que consiste o método DAFO e menciona os catro elementos que analiza.

É unha táboa de dobre entrada onde se van colocando as ameazas e as oportunidades combinándoas cos puntos fortes e débiles da empresa para definir con claridade que tipo de estratexia debemos seguir, podemos realizar unha matriz DAFO sobre nós mesmos.

6. Que se entende por estrutura financeira da empresa?

A suma do patrimonio neto o pasivo non corrente e o pasivo corrente, é dicir, a forma de financiarse da empresa.

7. Menciona dúas funcións esenciais da xestión de recursos humanos na empresa.

Planificación do persoal. Recrutar e seleccionar. Orientar e formar. Avaliación do traballo. Remuneración e promoción.

8. Describe brevemente dous posibles métodos de fixación de prezos no marco da política de prezos da empresa.

Fixación de prezos baseada nos custos.

Fixación de prezos baseada na competencia: este método pon o acento na competencia, podendo darse tres alternativas: Fixar un prezo similar, por baixo ou por encima do da competencia, segundo que considere o posicionamento do seu produto.

9. Que tipos de financiamento da empresa se poden distinguir atendendo á procedencia dos recursos? Pon un exemplo de cada tipo.

Financiamento interno ou autofinanciación: xeradas polas propias posibilidades de aforro da empresa. Amortización (de mantemento) e reservas (de enriquecemento).

Financiamento externo: provén do exterior da empresa. (Capital e financiamento alleo).

10. Que datos (información) se precisan para calcular o VAN dun investimento?

Cobros, pagos, desembolso inicial do proxecto, o tempo e o custo ou interese de capital.

11. Pon dous exemplos de impostos directos e un exemplo de imposto indirecto.

Impostos directos: Imposto de sociedades e Imposto da Renda das Persoas Físicas.

Impostos indirectos: Imposto do valor engadido e imposto especial de hidrocarburos.

12. Menciona as funcións nas que pode descompoñerse a función de dirección da empresa.

Planificar, organizar, liderar e controlar.

PREGUNTAS CURTAS 2012

1. Cita dúas posibles causas de extinción do contrato de traballo.

Despido e dimisión do traballador.

2. Como se denominan os títulos representativos do capital social dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada? Sinala unha diferenza con respecto ás accións das Sociedades Anónimas.

Participacións. Que en caso de querer vendelas, primeiro hai que ofrecelas ao resto de socios e logo a su venda é libre.

3. Que se entende por división do traballo? Explica brevemente como inflúe sobre a produtividade.

Descompoñer un traballo en tarefas sinxelas, para organizar mellor os tempos e os esforzos dos traballadores. O obxectivo é aumentar a produtividade, reducindo fatigas e conseguindo que o traballar se especialice na tarefa.

4. Cal é a principal finalidade da Memoria presentada por unha empresa?

É un documento de carácter explicativo que ten como finalidade ampliar, completar e comentar a información dos restantes documentos. Algunha das informacións que recolle versan sobre: a actividade da empresa, a aplicación dos resultados, as normas de rexistro e valoración utilizadas, a situación fiscal...

5. ¿Que é unha Sociedade Anónima Laboral?

Son sociedades de economía social, anónimas, nas que a maioría do capita (51% mínimo) está en mans dos traballadores con contrato indefinido da mesma empresa.

6. Explica brevemente a diferenza entre os conceptos de eficiencia técnica e eficiencia económica.

Un proceso de produción é máis eficiencia tecnicamente, cando comparando cantidade de factores

produtivos, utiliza menos unidades físicas para obter os mesmos produtos. Dise que é máis eficiencia economicamente cando comparando custos de factores produtivos, utiliza menos euros para obter os mesmos produtos.

7. En que consiste unha estratexia de fusión empresarial?

Supón que varias sociedades ou persoas xurídicas únense, desaparecendo as partes para xurdir un novo todo. Podemos falar de fusión pura: cando a nova empresa que xorde é distinta das que a conforman, desaparecendo estas. Por exemplo: BBVA. Ou fusión por absorción: cando unha das que se fusionan mantense e as demais desaparecen integrándose na primeira. Por exemplo: Claudio absorvida por Gadisa (Gadis)

8. Menciona tres factores que inflúen na localización espacial de actividades industriais.

Disponibilidade e custo do terreo. Proximidade ou acceso ás materias primas e outros subministracións. Infraestruturas de comunicación terrestre, marítima, aérea...

9. ¿Que tipos de empresas se poden distinguir atendendo á titularidade da propiedade destas?

Financiamento propio ou recursos propios: son propiedade da empresa e non teñen que devolverse. Capital, achega dos socios, e reservas, beneficios non distribuídos.

Financiamento alleo ou recursos alleos: recursos externos que xeran unha débeda ou obrigaición. Son os pasivos non correntes e pasivos correntes.

10. Que se entende por estrutura económica da empresa?

A suma do activo no corrente e o activo corrente, é dicir, a inversión da empresa.

11. Que se entende por organización formal da empresa? En que se diferencia da organización informal?

A organización formal é a organización definida a priori polos directivos, tamén se chama estrutura organizativa, e represéntase gráficamente cun organigrama.

A organización informal é a que xorde de forma espontánea polas relacións persoais, sociais... non definidas pola dirección. Exemplo: Uns traballadores que organizan unha pena para xogar a algo.

12. Diferenza entre crecemento interno e externo da empresa.

Crecemento interno: Realízase a través de novos investimentos na súa propia estrutura, aumentando a súa capacidade produtiva

Crecemento externo: Prodúcese como consecuencia da adquisición, fusión... entre empresas, dando lugar á concentración ou integración empresarial.

13. Que se entende por ciclo de vida dun produto?

Son as catro fases pola que pode pasar un produto ao longo da súa vida: Introducción-lanzamento, crecemento, madurez e declive-saturación.

14. Menciona tres tipos de estruturas básicas de organización empresarial

Modelo xerárquico, funcional e en comité.

PAU 2011

Preguntas curtas

1. Identifica un dos órganos de goberno das Sociedades Anónimas e sinala unha das súas funcións.

Só unha:

O *consello de administración* (Administradores) é o órgano de representación e xestión (quen dirixe) da sociedade. Entre as súas funcións está a de convocar a xunta xeral.

A *xunta xeral* está formada por todos os socios e reúnen para deliberar e tomar as decisións sobre asuntos sociais. Entre as súas funcións está elixir os administradores.

2. Enumera o tipo de decisións que integra a estratexia do marketing

Decisións sobre o prezo. Decisións sobre o produto. Decisións sobre distribución. Decisións sobre

promoción.

3. Que se entende por autofinanciamento? Ilustra a resposta cun exemplo.

Son os beneficios que foi obtendo a empresa ao longo do tempo e que non se repartiron entre os propietarios, senón que se foron retendo. Divídese en autofinanciación de: mantemento (amortización) e enriquecemento (reservas).

4. Que axentes participan na negociación do convenio colectivo nunha empresa?

O sindicato ou grupo de sindicatos e a empresa ou representantes de empresas do sector.

5. No marco da xestión de existencias ¿Que se entende por tamaño óptimo de pedido?

É o volume óptimo do pedido para minimizar os custos de xestión de inventarios, en especial o custo de mantemento ou almacenamento e o custo de reposición ou pedido no modelo de Wilson. Pódese escribir fórmulas, pero indicar o significado de cada letra ou variable.

6. O imposto sobre sociedades é un imposto directo ou indirecto? Razona a resposta.

Directo porque grava a obtención de renda e o contribuinte coincide co suxeito pasivo.

7. Que é o Método Pert?

É unha técnica para planificar e controlar os proxectos coordinando moitas actividades para reducir os tempos de execución de cada actividade e do proxecto na súa totalidade, con nodos e frechas, analizando cales son as actividades que afectan o tempo de execución do proxecto para ter un maior control sobre elas. Calcúlase o tempo early e o tempo last, cando nun nodo, non coinciden ambos os tempos, significa que existe folgura, e podemos ter algún atraso neses nodos. Pola contra se coinciden, non podemos atrasarnos sen afectar negativamente á duración total do proxecto.

8. Que se entende por unha estrutura de organización funcional? Pon un exemplo.

É un modelo teórico de organización formal. A súa característica fundamental é que as decisións as toman expertos que teñen autoridade e responsabilidade, rompendo o principio de unidade de mando. (É recomendable facer un debuxo). Exemplo: Unha empresa que teña un directivo especialista en cada función e onde os traballadores teñan que obedecer ao superior segundo trátase o tema.

9. Diferenza entre inversión real ou produtiva e inversión financeira. Ilustra a resposta cun exemplo.

Investimento económico, real ou produtiva: Consiste en adquirir bens para producir outros bens.

Investimento financeiro: Consiste en adquirir activos financeiros (accións, participacións, obrigacións...) para ter a propiedade ou o control dunha empresa ou obter unha renda no futuro.

10. Enumera as funcións básicas da dirección na empresa.

Planificar, organizar, dirixir ou liderar e controlar.

11. Os intereses dun préstamo bancario son custos fixos ou variables? Razona a resposta.

Entendo que fixos, xa que unha vez que se contrata o préstamo son independentes do número de produtos que se fabrique.

13. Que se entende por segmentación de mercados?

Consiste en dividir en grupos homoxéneos aos consumidores. Para poder atendelos con estratexias comerciais diferenciadas, conseguindo unha maior satisfacción do consumidor e un maior beneficio para a empresa. Os criterios poden ser xerais (non teñen en conta o produto nin o comportamento do cliente) ou específicos (teñen en conta o comportamento do cliente) para cada produto.

14. Describe brevemente en que consiste o sistema de xestión de existencias coñecido como just in time.

Este sistema, desenvolvido en Xapón, parte da base que a empresa non necesita stocks almacenados, só os necesita no momento de vender ou de servir para producir, por tanto expón a necesidade de reducir ao mínimo os inventarios, e consecuentemente os custos de xestión de inventarios.

PAU 2010

1. Que se entende por limiar de rendibilidade dunha empresa?

Cantidade de produtos que iguala os ingresos aos custos totais, é dicir que fai que o beneficio sexa cero, sabendo que o ingreso é igual ao produto do prezo pola cantidade e o custo total é a suma do custo fixo e o produto do custo variable unitario pola cantidade. (Recomendable poñer fórmulas)

2. Cita catro formas xurídicas de empresario colectivo. (Só catro)

Sociedades personalistas: colectiva e comanditaria.

Sociedades capitalistas: sociedade anónima, sociedade limitada, sociedade limitada nova empresa.

Sociedades de economía social: cooperativas, sociedade anónima laboral e limitada laboral

3. Diferenza entre produción para o mercado e produción sobre pedido.

PRODUCCIÓN PARA MERCADO ou PARA ALMACÉN (en masa ou en serie): A empresa en función das súas expectativas de vendas decide que produtos fabricar, as súas calidades, a cantidade e cando fabricalos.

PRODUCCIÓN SOBRE PEDIDO Ou POR ENCARGO: A empresa produce a partir de pedidos firmes de acordo coas especificacións do cliente, que é o que decide sobre cantidade, calidade e momento en que desexa o produto.

4. Cita os principais ámbitos da responsabilidade social da empresa.

Preocupación social. Preocupación laboral. Respecto ao medioambiente. Respecto dos dereitos humanos

5. Distingue entre custo medio e custo marxinal.

Custos medios: Indícanos os que custa máis ou menos producir unha unidade de produto, en custos fixos, custos variables e custos totais. $CTM = CF, CV$ ou $CT/producción$

Custo marxinal: É o custo da última unidade producida. Refírese ao incremento de custo total ou custo variables cando aumentamos a produción nunha unidade. $Cmg = \Delta ct / \Delta q$

6, Enumera tres tipos de mercado en función do número de oferentes e demandantes.

Competencia perfecta. Competencia imperfecta: monopolio, oligopolio e competencia monopolística.

7. Que se entende por ampliación de capital? Trátase dunha fonte de financiación externa ou interna.

Ampliación de capital é o incremento do capital social dunha sociedade. Realízase emitindo novas accións ou aumentando o valor nominal das xa existentes. Fonte externa.

8. Para que se utiliza o método do prezo medio ponderado? Explica brevemente en que consiste.

Procedemento de valoración de existencias no almacén que consiste no cociente do valor das mercadorías novas e vellas dividido pola suma das cantidades novas e vellas. O procedemento valora as existencias por unha media das mesmas no momento de compra.

9. Que é o Rexistro Mercantil?

É unha oficina de rexistro público que existe en cada provincia, no que teñen que inscribirse todas sociedades con personalidade xurídica. Para inscribirse hai que levar a Escritura de constitución, unha fotocopia do CIF e o impreso que xustifica o pago do imposto de actos xurídicos documentados (ITPAJD).

PAU 2009

1. Que nome recibe a operación que consiste na cesión, antes do seu vencemento, de facturas ou créditos a curto prazo?

Factoring.

2. Que requisitos ten que cumprir unha sociedade anónima para que sexa cualificada como laboral?

O 51% do capital social pertence a traballadores con contrato indefinido. Existen socios traballadores e socios capitalistas (só achegan capital). En total, un mínimo de 3.

Ningún socio pode ter máis dunha terceira parte do capital, salvo que o socio capitalista sexa unha entidade pública, nese caso pode chegar ao 49%.

Debe inscribirse no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Sociedades laborais da Comunidade Autónoma.

3. Que nome recibe a representación gráfica da estrutura formal dunha empresa?

Organigrama.

4. No marco da xestión de existencias ¿que se entende por stock de seguridade?

Son as mercadorías que a empresa mantén por encima do que necesita para evitar o custo de ruptura, que é un custo de oportunidade de poder perder a un cliente por non ter os stocks necesarios. Non o calculamos.

5. Comenta brevemente dous dos obxectivos que se pretenden acadar co estudo de movementos que propón Taylor. (Só dous)

Descompoñer o traballo en movementos elementais e cronometrarlos.

Elixir cientificamente o traballador máis adecuado.

Establecer premios e incentivos por superar certos niveis de produción.

Estandarizar ferramentas, materiais, maquinarias...

6. Explica a que se refire a ameaza de produtos substitutivos no marco da análise das forzas competitivas básicas do esquema de Porter.

Son aqueles que poden satisfacer a mesma necesidade. Este problema é maior en sectores con cambios tecnolóxicos constantes e acelerados. Esta circunstancia obriga á empresa para estar en constante I+D+i.

7. Distingue entre fase de crecemento e fase de madurez dun produto.

Fase de crecemento: Crecen máis rápido as vendas. Aparece a competencia. Custos unitarios redúcense. Crecen os beneficios.

Fase madurez. As vendas se estancan. Crece a competencia. Custos estabilízanse. Beneficios estabilízanse.

8. ¿Significa o mesmo financiamento externo que financiamento alleo? Ilustra a resposta cun exemplo.

Financiamento alleo ou recursos alleos: recursos externos que xeran unha débeda ou obrigaón. Son os pasivos non correntes e pasivos correntes.

Financiamento externo: provén do exterior da empresa. Fórmase do financiamento alleo e o capital.

9. ¿Que tipo de información ofrecen as ratios de endebedamento? Pon un exemplo.

Ratio financeiro que mide a relación existente entre o importe dos fondos propios dunha empresa con relación ás débedas que mantén tanto no longo como no curto prazo. Exemplo: ratio de endeudamiento=Deuda total/Neto patrimonial.

10. ¿Cales son os compoñentes do período medio de maduración?

Período medio de almacenamento ou aprovisionamento de materias primas, período medio de fabricación, período medio de vendas de produtos terminados antes da venda, período medio de cobro a clientes que se suman para obter o período medio de maduración económico ou técnico.

Se a este valor, restámoslle o período de pago a provedores, obtemos o pmm financeiro.

11. Explica brevemente as características básicas dunha cooperativa.

Son sociedades de economía social, con capital variable, que permite a libre adhesión e baixa voluntaria dos cooperativistas, sen ánimo de lucro, xa que os beneficios non son para a sociedade, senón para os cooperativistas. De responsabilidade limitada, con capital mínimo de 3005,06€...

PAU 2008

1. Menciona unha vantaxe da localización das empresas en zonas de alta densidade comercial.

Facilidade de comunicación e acceso: Por exemplo ter unha parada próxima de bus, aparcadoiro...

2. Cita os principais tipos de tributos.

Taxas, contribucións especiais e impostos.

3. ¿Que é o método do prezo medio ponderado? (Eu poría a fórmula)

Valora as saídas de acordo coa media dos prezos de adquisición dos produtos que hai no almacén no momento da saída. Considéraselle o método máis fiable e real, aínda que máis complexo polo seu cálculo, cada vez que se compra.

4. Que se entende por autofinanciamento? Señala algunha das súas vantaxes. (0,75 pts.)

Son os beneficios que foi obtendo a empresa ao longo do tempo e que non se repartiron entre os propietarios, senón que se foron retendo. Distínguese: de mantemento (amortización) e de enriquecemento (reserva). Xera maior autonomía e estabilidade financeira, non se depende doutros.

5. En que se diferencia un monopolio dun oligopolio? Pon algún exemplo de mercado oligopolista.

No número de oferentes, no primeiro hai un e no segundo poucos. Exemplo: Telfónica antes da liberalización do sector sería un caso de monopolio. Agora o sector da telefonía é un oligopolio.

6. ¿Que se entende por produtividade media do traballo? Pon un exemplo de cómo se pode medir.

É o cociente da produción obtida entre a cantidade dun factor utilizado, xeralmente cóllese o traballo. Ambas as magnitudes en unidades físicas. Mide o número de produtos por hora traballada.
 $Pme = q/L$

7. Que se entende por empresa multinacional? Pon algún exemplo.

Son o resultado do proceso de ampliación de mercados das grandes empresas. A empresa orixinaria e matriz permanece no Estado onde se iniciou a actividade e nos restantes países créanse empresas filiais. Este tipo de empresas xeralmente son líderes nos seus sectores respectivos, chegando a ter un poder económico e social máis grande que o dalgúns países. Exemplo: Inditex.

8. Cales son os signos distintivos dunha empresa?

Forman parte da propiedade industrial da empresa: marcas, rótulos do establecemento, nome comercial. Exemplo: Zara, Zara Home, Springfield... de Inditex.

9. Define os conceptos de custos directos e indirectos.

Custos directos: Aqueles que se poden relacionar de forma directa e fácil co produto ou o departamento que o ocasiona. Exemplo: materias primas cos seus produtos.

Custos indirectos: Aqueles que se vinculan a distintos produtos ou departamentos, e por tanto hai que establecer un criterio de repartición. Exemplo: soldos da xerencia, alugueres...

10. Como se denomina aquela situación de mercado onde existe un número elevado de produtores e consumidores?

Competencia perfecta, que non existe na realidade, e competencia monopolística.

11. Cita tres fontes de financiamento externo da empresa a longo prazo.

Capital, empréstitos, leasing.

12. Indica a principal diferenza entre os métodos de valoración de existencias FIFO e LIFO.

FIFO: Primeira en entrar, primeira en saír. LÍFO: Última en entrar, primeira en saír.

13. Explica brevemente que é o concurso de acreedores.

Antes chamado suspensión de pagos, é un procedemento, o concurso de acreedores, que busca solucionar a situación de insolvencia dunha empresa, a través de dúas vías: o convenio ou a liquidación. O obxectivo da lei é manter a continuidade da empresa e a conservación dos postos de traballo.

12. Identifica os principais tipos de resultados que se distinguen na conta de perdas e ganancias.

Resultado de explotación (BAIT) + Resultado financeiro = Resultado antes de impostos; Resultado neto (BN),

PAU 2007

1. Que se entende por comercio electrónico? Sinala algunha das súas vantaxes.

Consiste na compra e venda de produtos ou de servizos a través de medios electrónicos, tales como Internet e outras redes informáticas. Vantaxe: proximidade e aplicar márketing axustada á necesidade de cada cliente.

2. En que se diferencia unha Sociedade Anónima dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada?

Capital: 60101,21/3005,06. Nome dos títulos: accións/participacións. Transmisión: libre/1º socios, despois libre. Razón social ou nome: SA./SL ou SRL.

3. Que é e como se calcula o Neto Patrimonial dunha empresa?

O que vale a empresa, é a diferenza entre activo e pasivo. O que pertence aos socios, os fondos propios formado por reservas, beneficios e capital.

4. Explica que é unha auditoría de contas.

Proceso que consiste en verificar a veracidade da información contable Os modelos normais teñen que ser auditados, por un auditor (experto independente).

5. Describe brevemente algunha das estruturas básicas de organización da empresa que coñezas.

Modelo lineal ou xerárquico: A súa característica fundamental é a de manter a unidade de mando, adecuado para pequenas e medianas empresas (PEMES) ou grandes empresas dun só produto. Vantaxe: A autoridade e a responsabilidade están definidas. Favorece decisións rápidas. Inconveniente: Os directivos non son especialistas nas áreas nas que toman decisións, o que se agrava canto máis complexa e grande sexa a empresa.

Modelo funcional: É un modelo teórico de organización formal. A súa característica fundamental é que as decisións as toman expertos que teñen autoridade e responsabilidade, rompendo o principio de unidade de mando. (É recomendable facer un debuxo). Exemplo: Unha empresa que teña un directivo especialista en cada función e onde os traballadores teñan que obedecer ao superior segundo trátase o tema.

6. ¿Cal é a principal diferenza entre mercados minoristas e maioristas. Ilustra a resposta cun exemplo.

Mercado de comerciantes polo miúdo: O comprador comerciante polo miúdo ou detallista pon o produto no punto de venda comprándoo ao almacenista ou ao fabricante.

Mercado almacenista: O comprador almacenista manexa grandes cantidades e distribúe entre comerciantes polo miúdo, adquirindo do fabricante.

7. Menciona algunha das vantaxes e algún dos inconvenientes do comercio electrónico.

Vantaxes: Atopar un produto a menor custo. Comodidade na adquisición do ben ou produto.

Desvantaxes: Non existe a cercanía entre o vendedor e o comprador para proceder cunha queixa do produto. Pérdese a visualización do produto en comercialización ou coñecemento físico do produto.

8. ¿Como se chama a oficina de rexistro pública que contén os datos dos empresarios mercantís?

Rexistro mercantil.

PAU 2006

1. ¿Cales son as principais obrigas dunha empresa coa Seguridade Social?

Afiliar aos traballadores, con anterioridade de iniciar a prestación de servizos. O empresario está obrigado a comunicar o alta á Seguridade Social, e pagar as correspondentes cotizacións.

2. ¿Que é un Diagrama de Gantt? ¿Cal é a súa utilidade?

É unha técnica para planificar e controlar proxectos con moitas actividades que se representa nun diagrama de barras horizontais. No eixo horizontal colócanse os tempos e no eixo vertical as actividades.

3. ¿Que miden e con que finalidade se calculan as ratios de liquidez dunha empresa?

Miden a capacidade da empresa para hacer frente as deudas a curto prazo. Exemplo: ratio de liquidez = Activo corrente/Pasivo corrente, entre 1,5 y 2.

4.- ¿Que tipo de estrutura organizativa se basea na autoridade directa do superior sobre o subordinado?

Modelo jerárquico.

5. ¿Que é o Rexistro Mercantil?

É unha oficina de rexistro público que existe en cada provincia, no que teñen que inscribirse todas sociedades con personalidade xurídica.

6. ¿Que se entende por responsabilidade social da empresa?

Consiste na integración voluntaria en toda a empresa (a súa organización, cultura, estratexias) das preocupacións sociais , laborais, ambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden nas súas relacións coa contorna.

7. Indica algunha das medidas propostas por Taylor para aumentar a produtividade dos traballadores.

Descompoñer o traballo en movementos elementais e cronometrarlos. Elixir cientificamente o traballador máis adecuado. Establecer premios e incentivos por superar certos niveis de produción. Estandarizar ferramentas, materiais, maquinarias...

8. ¿Que elementos debe presentar un contrato de traballo para que sexa válido?

Consentimento: Libre e mutuo. Obxecto: Traballo real a realizar. Causa: Beneficio para ambos. Forma: Xeralmente escrito. Capacidade de obrar do empresario e traballador.

9. ¿Cales son os libros contables que obrigatoriamente debe levar unha empresa?

Libro de inventarios e contas anuais: recolle os estados contables, os inventarios (recontos dos bens), balance de sumas e saldos documentos que permiten ver polo menos trimestralmente que non hai erros no libro diario).

Libro diario: rexistra as operacións día a día (ou como máximo de períodos non superiores ao mes).

10. ¿En que consiste o principio organizativo de autoridade?

É o dereito para dar ordes e poder esperar obediencia (formal ou persoal).

PAU 2005

1. Diferencia entre contratos de traballo a tempo parcial e contratos indefinidos.

Os contratos a tempo parcial son aqueles o que a xornada de traballo é menor a 8 horas diarias ou 40 semanais en promedio anual. O contrato indefinido non é incompatible co feito de ser a xornada completa ou parcial, quere decir que fai ao traballador fixo de plantilla.

2. Que se entende por novas tecnoloxías da información? Pon algún exemplo.

Son o conxunto de tecnoloxías desenvolvidas para xestionar información e enviala dun lugar a outro, almacenar información e recuperala despois, enviar e recibir información dun sitio a outro, ou procesar información para poder calcular resultados e elaborar informes. Exemplo: programas de software de ofimática.

3. Que se entende por creación de valor? Ilustra a resposta cun exemplo.

É a representación gráfica das distintas fases básicas que desenvolve unha empresa na súa actividade produtiva, desde a adquisición da materia prima ata a venda do produto, identificando como o produto vai adquirindo un valor superior ao dos inputs que o forman.

4. Que se entende por gastos en I+D? Completa a resposta con algún exemplo.

Concepto de I (investigación): Comprende as fases de descubrir (investigación básica -saber por saber-) e a de inventar (investigación aplicada -buscar un propósito ao descubrimento).

Concepto de D (desenvolvemento): Consiste na aplicación da investigación á actividade produtiva e comercial da empresa. Se ese desenvolvemento deriva en mellorar algo xa existente (produtos, procesos...), entón falamos de innovación (i). Exemplo: Marie Curie descubre o radio, na segunda parte da súa vida búscalle unha utilidade en produtos para os cidadans.

6. Explica brevemente en que consiste o principio organizativo de unidade de mando de Fayol.

Principio de desenvolvemento vertical. Refírese á conveniencia de que cada subordinado teña un só xefe

7. Define o concepto de periodo medio de maduración.

É o tempo que transcorre máis ou menos desde que unha empresa inviste unha unidade monetaria en materias primas ata que a recupera mediante o cobro ao cliente, nas empresas industriais comprende a suma de subperiodos de aprovisionamiento, fabricación, venda e cobro, proporcionando o pmm económico. Restándolle o subperíodo de pago, calcúlase o pmm financeiro.

8. Que é un convenio colectivo? ¿que axentes interveñen na súa negociación?

O convenio colectivo é unha norma que regula as relacións do traballo nunha empresa, en parte da mesma ou nun grupo de empresas. O sindicato ou grupo de sindicatos e a empresa ou representantes de empresas do sector.

9. ¿En que consiste o principio organizativo de xerarquía?

Reparto da autoridade formal ao longo da organización. A nivel máis alto, máis xerarquía, máis autoridade, maior responsabilidade.

10. Que se entende por extinción dun contrato de traballo? Indica algunhas das causas que poidan motivar dita extinción.

Que o traballador e o empresario concluen os seus deberes e dereitos recíprocos. A causa pode ser a finalización do contrato temporal, o despido, a morte do traballador...

PAU 2004

1. Sinala os factores determinantes de localización espacial dunha empresa comercial que consideres máis importantes.

Custo do local: custo do mesmo e acondicionalo. Proximidade á demanda. Visibilidade e comodidade da local. Facilitade de comunicación e acceso: Por exemplo ter unha parada próxima de bus, aparcadoiro... Existencia doutros comercios, que xeren sinerxias, xa que a xente vai onde satisfáganse mellor as súas necesidades. Ex.: Marineda City.

2.- ¿Que é o Fondo de Manobra?. ¿Cómo se calcula?

FM>0 Estabilidade financeira. Significa que temos suficientes bens e dereitos de cobro para pagar todas as débedas a menos dun ano.

FM<0 Inestabilidade financeira. Non temos suficientes bens e dereitos de cobro convertibles en euros para pagar as débedas a menos dun ano. (Concurso de acredores).

FM>0 Estabilidade financeira. Significa que existen capitais permanentes suficientes (PNC+PN) para financiar todo o ANC e a parte estable do activo corrente (saldo medio de clientes, saldo medio de diñeiro líquido en caixa...)

FM<0 Inestabilidade financeira. Significa que non existen... (IDEM. Anterior). E por tanto non se pode garantir poder seguir coa explotación do negocio.

$FM = AC - PC = N + PNC - ANC$.

3. Indica a diferenza que existe entre unha sociedade e unha empresa individual en canto á fiscalidade.

As sociedades son persoas xurídicas e polo tanto tributan polo imposto de sociedades. A empresa individual é unha persoa física que pode ou non ter empregados é que tributa polo imposto da renda das persoas físicas.

4. Que o merchandising? Ilustra a túa resposta con algún exemplo.

O merchandising supón unha filosofía de venda. O produto tense que vender por se só. O uso de carteis: a cor, a altura, a iluminación; a situación do produto: a facilidade de acceso, a proximidade a determinados produtos...; a cantidade de produto ou a súa presentación en pilas, fai que se produzan moitas compras non previstas, que se realizan de forma irreflexiva.

5. Indica diversos métodos de selección de inversións.

Criterios estáticos (que non teñen en conta a inflación e o risco de impago): pay back ou prazo de recuperación e fluxo neto total.

Criterios dinámicos (que teñen en conta a inflación): valor actual neto e taxa de rendemento interno.

6. Que significa que as cooperativas carecen de finalidade lucrativa?

Que o obxectivo non é obter beneficios para a sociedade, xa que é de economía social. O que busca é un beneficio para os cooperativistas. Por exemplo: lograr mellores prezos de compra de materias primas, facilitar o acceso ao mercado de produtos terminados.

7. ¿Por que, segundo a teoría do empresario innovador, por en marcha unha nova oportunidade de negocio vese recompensado coa obtención de beneficios extraordinarios?.

Parte da idea de que ao ser o primeiro é o que fixa as condicións de venda, por outra parte o consumidor non ten elementos de comparación e ao ser exclusivo estará disposto a pagar prezos máis altos.

8. En que se diferencian as empresas públicas, privadas e mixtas?

Na titularidade ou propiedade. Nas públicas a titularidade recae nas Administracións Públicas, exemplo: Adif. Nas privadas recae en particulares, exemplo: Inditex. E nas mixtas, a titularidade repártese entre as Administracións e particulares, exemplo: Aguas de Ferrol, SA.

9. Como interpretarías o feito de que unha empresa teña un fondo de manobra negativo.

$FM < 0$ Inestabilidade financeira. Non temos suficientes bens e dereitos de cobro convertibles en euros para pagar as débedas a menos dun ano. (Concurso de acredores). Significa que non existen capitais permanentes suficientes (PNC+PN) para financiar todo o ANC e a parte estable do activo corrente (saldo medio de clientes, saldo medio de diñeiro líquido en caixa...)

10. Define os conceptos de input, output e productividade media.

Inputs: entradas de factores: materiais, combustibles...

Outputs: saídas de produtos ou servizos e residuos.

Productividade media: É o cociente da produción obtida entre a cantidade dun factor utilizado, xeralmente cóllese o traballo. Ambas as magnitudes en unidades físicas. Mide o número de produtos por hora traballada. $Pme = q/L$

PAU 2003

1. ¿Que é unha cooperativa? Distingue entre cooperativas de primeiro e segundo grado.

Son sociedades de economía social, con capital variable, que permite a libre adhesión e baixa voluntaria dos cooperativistas, sen obxectivo de gañar cartos para ela, xa que os beneficios non son para a sociedade, senón para os cooperativistas. Primer grado: formado como mínimo con 4 cooperativistas que teñen que ser persoa física. Segundo grado: formado como mínimo con 2 cooperativista que son persoas físicas e xurídicas.

2. Que se entende por valor engadido?

Entendemos por valor engadido o aumento de riqueza xerada pola actividade dunha empresa no período considerado, a cal se mide pola diferenza entre o valor da produción de bens e servizos e o valor de compra das adquisicións exteriores.

3. Define o concepto de capital circulante e indica cómo se determina o seu valor.

É fondo de manobra calculado coa seguinte fórmula $NETO + PNC - ANC$. Mide a diferenca dos capitais permanentes (PNC+PN) que financian a parte estable do activo corrente (saldo medio de clientes, saldo medio de diñeiro líquido en caixa...), xa que para que a empresa funcione ten que ter unha cantidade estancada de cartos en mercancias, diñeiro para dar voltas...

4. Sinala os distintos ámbitos de xestión dos impostos. Ilustra a túa resposta con algún exemplo

Impostos estatais: IRPF (parte polas CCAA), IS e IVE.

Impostos autonómicos: Imposto de sucesións e doazóns, Imposto sobre o xogo e imposto sobre transmisións patrimoniais.

Impostos locais: Imposto de actividades económicas (IAE), Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), Impostos sobre Vehículos de transmisión Mecánica...

5. Cal é o principal factor que na túa opinión permite distiguir as visións do papel do empresario segundo Adam Smith e Schumpeter?

Empresario - capital, de Adam Smith (s. XVIII). Que entende que o empresario é a persoa que achega os fondos necesarios para o desenvolvemento da empresa. Nas PEMES, adoita coincidir a figura do propietario (empresario-capital) coa da persoa que controla ou dirixe á empresa, pero nas medianas e grandes empresas, a medida que aumenta o seu tamaño, dita unidade rompe.

Empresario-innovador de Schumpeter(1942). Que entende que é o axente que innova de forma continuada. É de suma importancia na actualidade, xa que explica a capacidade da empresa para adaptarse ás novas realidades e cambios da súa contorna.

6. ¿Que criterios se poden empregar para clasificar unha empresa de acordo coa súa dimensión?

A Comisión Europea:

Concepto	Traballadores	Facturación=ingresos	Activo
Microempresa	<10	< 2 millóns	< 2 millóns
Pequena	10 a 49	De 2 a 10 millóns	De 2 a 10 millóns
Mediana	50 a 249	De 10 a 50 millóns	De 10 a 43 millóns
Gran	De 250	De 50 millóns	De 43 millóns.

7. ¿Que se entende por umbral de rendibilidade o punto morto?

É o número de produtos que fai que os ingresos sexan iguais que os custos totais e que os beneficios sexan iguais a cero. $Q=CF/(P-CVU)$ Recomendaría facer o gráfico.

PAU 2002

1. É a finalidade do balance social dunha empresa? Menciona algúns dos indicadores que o integran.

É o documento que contén a información sobre os programas de Responsabilidade Social da empresa e o seu cumprimento. É o documento que recolle e transmite á sociedade as medidas adoptadas, que realiza a empresa, e que marca a tendencia da mesma sobre temas como: protección do medioambiente, conciliación da vida laboral e familiar dos traballadores, relacións con institucións, accidentes de traballo e enfermidades profesionais...

2. Para que se utiliza o método de Wilson?

Para determinar o volume óptimo do pedido para minimizar os custos de xestión de inventarios, en especial o custo de mantemento ou almacenamento e o custo de reposición ou pedido Pódese escribir fórmulas, pero indicar o significado de cada letra ou variable.

3. Que se entende por integración empresarial vertical? Ilustra a túa resposta cun exemplo.

A integración vertical é a concentración de empresas nunha e que abarcan o seu propio mercado e tenten ir cara aos clientes ou provedores. Exemplo: Inditex.

5. Que é o Leasing? Pon un exemplo da súa utilización.

Leasing ou arrendamento financeiro. É un contrato de arrendamento onde o arrendador (xeralmente unha entidade financeira, distinta do produtor do ben) aluga un ben a unha empresa ou arrendatario, que se compromete a pagar unhas cotas polo aluguer e que inclúe ao finalizar o contrato unha opción de compra sobre o ben recibido.

6. Qué é o LIFO?

É un criterio de valoración de existencias onde as últimas en entrar son as primeiras en saír cando se vende ou se produce un saída do almacén.

PAU 2001

1. Define o concepto de “valores mobiliarios” .

Son títulos que representan cotas dun capital (accións ou participacións) ou dun crédito (letras de cambio, bonos, pagarés).

2. Explica o concepto de Capital Social.

O capital: É a achega dos socios en diñeiro ou especie. As ampliacións de capital son fórmulas de financiamento que consisten en emitir novas accións, e xeralmente, captar novos fondos (Ás veces non é así xa que se converten reservas de exercicios anteriores en accións).

4. Define o concepto de amortización.

É unha fonte de autofinanciación de mantemento. É o recoñecemento contable da depreciación

que sofre os bens de inmovilizado polo uso, paso do tempo ou obsolescencia para crear un fondo co que reponer o ben ao final da súa vida útil.

5. Efectúa unha clasificación das empresas atendendo á área de actividade na que desenvolven as súas operacións. Pon un exemplo de cada unha das mesmas.

Sector primario: empresa do sector pesqueiro.

Sector secundario: empresa conserveira.

Sector terciario: empresa de hostelería.

6. Diferencia entre as concepcións que sobre o empresario manteñen Schumpeter e Galbraith.

Empresario-innovador de Schumpeter(1942). Que entende que é o axente que innova de forma continuada. É de suma importancia na actualidade, xa que explica a capacidade da empresa para adaptarse ás novas realidades e cambios da súa contorna.

Empresario tecnócrata de Galbraith, que define ao empresario, non ao propietario, senón á persoa que ten o poder e toma as decisións na empresa, persoas altamente cualificadas nas súas respectivas áreas (economistas, avogados, enxeñeiros...) que toman as decisións colegiadamente.

7. ¿Qué diferencia fundamental existe entre un TRUST e un CÁRTEL?

Trust: É unha integración vertical, que busca cubrir todas as fases do proceso de produción, desde o cliente ata o consumidor, para reducir os custos. Como tende a eliminar a competencia, a miúdo vai en contra da lexislación vixente.

Cártel: É unha integración horizontal, onde as empresas nunha mesma etapa do proceso de produción buscan reducir ou eliminar a competencia a través de acordo sobre prezos, condicións de venda, repartición de mercado, etc. para gañar o máximo posible, prexudicando aos clientes, por iso é unha práctica delituosa.

4. ¿Qué función fundamental cumpren os detallistas ou minoristas no proceso de distribución dun produto?

Vender o produto por unidade e non por lote, por iso se di ao detalle.

5. Pode unha empresa ter capital cero? Razona a túa resposta.

Na práctica sí, xa que os empresario personais e algúns sociais non teñen porque fixar un capital. Ademais a lei de emprendedores de 2013 trae a posibilidade de que os emprendedores poidan crear un sociedade limitada sen desembolsar o capital, pero teñen que reservar un 20% dos beneficios para constituir ese capital, ademais de outras trabas.

6. Que significa que o balance dunha empresa está equilibrado?

Que o activo corrente é maior que o pasivo corrente; é dicir, que os capitais permanentes (neto+pasivo non corrente) son maiores do activo corrente. O fondo de manobra é positivo, ten suficientes dereitos de cobro e bens a curto prazo para pagar as obrigas a curto prazo e o capital circulante tamén é positivo (ver pregunta 3 da PAU 2003).

7. Define os conceptos de acción e obrigación.

A acción é a parte alícuota do capital social dunha sociedade anónima que fai ao seu propietario en accionista da sociedade.

A obrigación é a parte alícuota dun empréstito, o que converte ao seu propietario en acreedor da sociedade.

8. ¿Por qué a facilidade de comunicacións é un dos factores que inciden na localización das empresas comerciais? Apoia a túa resposta cun exemplo.

Porque permite acercar o produto aos clientes, suelen ser zonas de grande densidade de poboación, ademais de haber moitos comercios o que xenera sinerxias entre as empresas.